

A Mancomunidad do Salnés pretende a contratación laboral, mediante concurso de méritos dun/ha Orientador/a Laboral para a realización de funcións de orientación, vinculadas á subvención convocada pola orde do 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021.

A.- ORIENTADOR/A LABORAL

Requisitos mínimos esixidos:

- Licenciatura ou grao, no ámbito das ciencias sociais, humanas ou xurídicas.
- Un mínimo de 18 meses de experiencia profesional no posto de orientador/a laboral

(Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano contratante e informe de vida laboral, entregándose copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados).

Realizarase unha fase de baremación dos méritos e unha segunda de entrevista persoal.

As persoas interesadas poderán recoller as Bases, así como o modelo de Solicitud do Curriculum, nas oficinas da Mancomunidad do Salnés na web administrativa e na sede electrónica.

A presentación das solicitudes para participar neste proceso de selectivo realizarase nas oficinas administrativas da Mancomunidad do Salnés, sitas en Paseo da Calzada s/n, Edificio Exposalnés de Cambados, no prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio nun diario.

En Cambados, a 13 de Agosto de 2021

A Presidenta

Asdo...: Marta Giráldez Barral